

A alimentación como fenómeno cultural

□ "Gaia" traballa sobre o tema en Galicia

Vivimos nunha época na que adquire unha importancia capital a educación do consumidor como contrapeso ó fenómeno da sociedade de consumo. Hoxe, os alimentos que tomamos foron producidos, elaborados e moitas veces comercializados fora do entorno coñecido pola maior parte dos cidadáns, é dicir fora do ámbito urbano. Isto prantexa graves problemas na educación, pois en contra do que ocurría noutras épocas a maioría descoñece como chegan a eles os alimentos que consumen.

Os nenos do campo poden observar cómo se producen e elaboran o leite, os cereais, a carne, etc...; aínda que este coñecemento viuse moi reducido dun tempo a esta parte pola tecnificación da industria agroalimentaria.

Os cambios producidos nos costumes (traballo dos dous pais, comedores escolares, publicidade alimentaria, etc...) motivaron importantes cambios na dieta dos nosos alumnos/as. Estes, como futuros cidadáns, necesitan unha educación alimentaria integral que hoxe non contempla a institución escolar.

Ademais, moitos dos alumnos/as de ambiente urbano descoñecen practicamente todo o que concerne ó ambiente rural. De feito, no ensino medio non se contempla a educación agraria.

O caso do país galego presenta unhas particularidades que agravan este problema, pois saímos en vinte anos dunha sociedade de alimentación practicamente autárquica e pasamos a unha sociedade de consumo, perto dos países máis industrializados.

Hoxe, aínda se observan fortes contrastes; así atopamos moitos costumes e comportamentos de consumo autosuficientes na Galicia rural interior, sobre todo nas áreas de montaña, mentras nas nosas vilas e cidades e na zona costeira xa

nos aproximamos moito ós comportamentos doutros países máis industrializados.

En Galicia, pasamos dunha alimentación nos límites da subsistencia e pouco variada a outra moito máis rica pero tamén pouco equilibrada. Está fora de toda duda que melloramos a nosa dieta, pero ó mesmo tempo perdemos moita da nosa cultura tradicional dietética. Ademais, corremos un risco moi elevado de que esta perda seña irreparable, pois en gran medida os cambios producidos romperon a cadea de transmisión oral desta cultura tradicional dietética.

Compre pois elaborar material didáctico sobre alimentación que contemple o coñecemento integral dende a produción deica o consumo dos alimentos, que procure unha cultura dietética axeitada ós nosos escolares e ó mesmo tempo coide de manter e transmitir aqueles costumes da nosa cultura dietética que señan interesantes.

Da produción ó consumo

O grupo "Gaia" está començando a traballar no proxecto de innovación educativa: "Productos básicos da alimentación en Galicia: un estudo integral dende a produción ó consumo". Os obxectivos deste proxecto son:



Galicia perdeu a súa tradicional cultura dietética.

- Integrar o tema do consumo alimentario no currículo escolar.
- Concienciar ós alumnos da estreita relación existente entre consumismo e protección do medio ambiente.
- Crear nos nosos escolares unha conciencia dos seus dereitos como consumidores.
- Analizar o comportamento dietético a diversos niveis: centro educativo, contexto familiar, cidade e o conxunto da comunidade de Galicia.
- Elaborar materiais escritos, audiovisuais e informáticos de aplicación na aula.
- Presentar ó profesorado documentos, bibliografía e materiais didácticos sobre o tema.
- Sensibilizar ó alumnado, profesorado e institucións públicas e privadas da importancia da cultura dietética integral.
- Recuperación, por parte dos alumnos, da elaboración de algúns pratos tradicionais de coíña galega.
- Concienciar ó alumnado dos problemas que se derivan do

consumismo alimentario e da nocividade de algunhas prácticas dietéticas.

- Promover na comunidade educativa o coñecemento do seu entorno inmediato, achegándonos ó medio rural ou mariñeiro onde se producen e elaboran moitos dos alimentos que consumimos.
- Coñecer a nosa cultura tradicional no eido alimentario, parte importante do noso patrimonio cultural, e coma tal merecedora de ser conservada, espallada e transmitida.
- Analizar a problemática alimentaria actual: novos hábitos ventaxas e inconvintes, influencia da publicidade.
- Promover o coñecemento do entorno e recorrer o camiño seguido polos alimentos deica a chegada ós escolares.

GRUPO GAIA DE EDUCACION AMBIENTAL:
Carmen Cid, Pedro Membiela, Pilar Latorre, M^a Xosé Camba, Emilia Nogueiras, Mercedes Suárez

Bibliografía

- Alvarez, N. y L.M. (1987): "100 talleres de educación del consumo en la escuela". Instituto Nacional del Consumo, Madrid.
- COBB, V. (1976): "Experimentos científicos que se pueden comer". Adara, La Coruña.
- Cooperativa de consumo "Eroski" (1989): "La educación del consumidor en la escuela". Instituto Nacional del Consumo, Madrid.
- Departament D'Ensenyament. Departament de Sanitat i Seguritat Social (1985): "Educació per a la salut a l'escola". Generalitat de Catalunya, Barcelona.
- Dirección Xeral de Consumo (1989): "Nutrición e consumo". Dirección Xeral de Consumo, Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, Santiago.
- E.C.B.A. (1986): "Educa-ción sanitaria y biología escolar". Colegio Oficial de Biólogos, Madrid.
- García, M.T.: "Alimentación en relación con la salud y el consumo". Archivo del profesor. Recursos didácticos. M.E.C./Paidós.
- Gracia, E. (1982): "Experimentos caseros para descubrir adulteraciones". Acuario, Barcelona.
- I.E.P.S. (1988): "La salud y el consumo: nuevos enfoques del curriculum de ciencias". Apuntes I.E.P.S., Narcea, Madrid.
- Ortega, I. e Torán, A. (1987): "Cocinar y jugar", Alianza, Madrid.
- Prado Díez, D. De (1988): "La publicidad en las aulas". Dirección Xeral de Consumo, Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, Santiago.
- Salfield, R. (1977): "Prácticas de ciencias de los alimentos". Acribia, Zaragoza.

Actividades dos estudantes

Son moitas as actividades que as alumnas e alumnos poden levar a cabo, dentro e fora da aula, en relación coa alimentación e o consumo.

A continuación presentamos unha reducida escolma de actividades, que pode servir de ponto de partida para unha exploración inicial das posibilidades didácticas que ofrece este aspecto parcial da educación para o consumo.

- Organización de charlas impartidas por expertos no centro sobre alimentación e saúde.
- Análise da publicidade alimentaria, ventaxas e inconvintes dos produtos ofertados.
- Utilización de métodos artesanos de elaboración, conservación e coíña de algúns produtos alimenticios.
- Utilización de métodos sencillos de comprobación de algúns fraudes alimentarios.
- Análise das ventaxas e inconvintes da dieta alimentaria en Galicia, integrando as ventaxas de algúns alimentos (peixe, legumes secas, etc...).
- Preparación de pratos sencillos, de forma singular algúns da coíña tradicional galega (filloas, caldo, leite callado).
- Visita a unha explotación agropecuaria, onde se estudará, coa axuda da guía de actividades, a produción e elaboración de algúns alimentos básicos (trigo, legumes frescas, leite, carne de vacuno e de aves, ovos).
- Visita a unha piscifactoría para coñecer o proceso de produción e comercialización das troitas.
- Visita a diversas industrias agroalimentarias, onde se completará


coa axuda da guía de actividades, os procesos de elaboración, conservación e comercialización dos principais produtos básicos:

- Panadería.
- Central leiteira, matadero avícola, etc...
- Matadero municipal.
- Visita a un embalse de abastecemento de agua, máis a unha planta potabilizadora coa correspondente guía de actividades que se realizan.
- Visita a un mercado, contemplada na guía de actividades, como mostra de comercialización dos alimentos.

Análise do envasado

- Análise como consumidores do envasado, etiquetado e conservación e manipulación dos principais produtos alimenticios industrializados.
- Os problemas de hixiene do proceso dende a produción dos alimentos deica a chegada ó consumidor, e a súa influencia sobre a saúde humana.
- Análise do envasado de diferentes produtos alimenticios en relación co seu reciclado e impacto ambiental.
- Comparación entre a dieta de cada un dos alumnos e a dieta aconsellable para a súa idade e actividade. ¿Qué cambios deben facer no seu réxime alimentario?
- Análise nutritivo e calórico dunha dieta tradicional galega e dunha dieta de moda actualmente.

ALIMENTACION E CONSUMO



Da compra ó menú


Imos realizar unhas actividades recorrendo tódolos postos do mercado. En cada un deles deberás apuntar o que escollerías para facer a túa compra diaria para unha familia de catro persoas. O finalizar o recorrido tes que ter os seguintes datos: alimento; peso, unidade ou volumen; prezo e gasto total.

Na clase podería facerse unha posta en común tratando entre outros os seguintes puntos:

- Os produtos escollidos ¿foron os máis típicos de esta época do ano? ¿Son produtos propios da nosa terra?
- Fárase una análise dos motivos polo que foron elexidos algúns dos produtos alimentarios.
- Calcularase o gasto medio que fixeron os estudantes na compra imaxinaria. Comparar o gasto medio realizado co salario base/día do presente ano.

A dieta que confeccionarías cos produtos comprados. ¿Sería unha dieta correcta? Ten en conta que se come, en cantidade suficiente, un ou dous alimentos de cada grupo da "Roda de alimentos", poderás estar seguro de que a alimentación da túa familia nese día será equilibrada.

Menú. Supoño que te darías conta que non é fácil comprar e aínda é máis difícil facelo ben. Agora propoñemosche que fagas coa túa compra (correxindo os fallos que poidera ter) o menú de mañá: almorzo, comida e cea.



A "Roda dos alimentos"

- Grupo 1: Leite e os seus derivados. Conteñen proteínas, minerais, vitaminas, graxas e glúcidos.
- Grupo 2: Carne, peixe, marisco e ovos. Conteñen proteínas, minerais e vitaminas.
- Grupo 3: Legumes secas, tubérculos e froitos secos. Conteñen glúcidos, graxas e vitaminas.
- Grupo 4: Verduras e hortalizas. Conteñen vitaminas, fundamentalmente vitamina A e C.
- Grupo 5: Froitas. Conteñen vitaminas A e C.
- Grupo 6: Pan, cereais e zucres. Conteñen glúcidos.
- Grupo 7: Aceites e graxas. Conteñen lípidos ou graxas.

Consumir conservando as tradicións

□ O etiquetado é fundamental nos alimentos

Durante as últimas décadas, o mercado alimenticio variou moito. No teu grupo de traballo na aula, comenta cáles son as posibles causas desta evolución. Non olvides tomar nota das conclusións para a posterior posta en común. Na segunda actividade contéplase cómo a industria e comercialización dos produtos alimenticios orixinalle ó comprador unha complexidade cada vez maior.

Esta complexidade refírese á elección, coñecemento dos produtos, e tamén levou consigo unha despersonalización do mercado. E necesario e, polo tanto, unha educación do comprador. Comenta cos teus compañeiros/as de grupo de qué debe informarse un consumidor antes de realizar a compra dun produto alimenticio.

• **Actividade 3:** Cada día aumenta máis o consumo de alimentos industrializados. Planifica unha campaña promocionando os produtos frescos da nosa terra, aducindo as vantaxes que presentan.

• **Actividade 4:** Pregúntalle ós teus pais, ou mellor ós teus avós, se a túa alimentación é distinta a que tiveron eles a túa idade ¿En que varía?

(Despois de realizar a actividade 4 farase unha posta en común analizando as vantaxes e inconvintes das diferencias na alimentación encontradas).

Pratos típicos

• **Actividade 5:** ¿Cántos pratos típicos galegos fanse na túa casa? Noméaos. ¿Cocíñanse a

miúdo ou só en datas sinaladas?

• **Actividade 6:** Colle na túa casa etiquetas de produtos alimenticios envasados e trainas a clase.

En pequeno grupo analiza os aspectos das etiquetas que máis nos afectan ás consumidoras e consumidores:

- Denominación do produto.
- Lista de ingredientes.
- Contido neto.
- Datas ou prazos para o consumo.
- Instrucións de conservación.
- Modo de emprego.
- Identificación da empresa e lote de fabricación.

Estos datos aparecerán na etiqueta e deberán ser facilmente comprensibles, irán inscritos nun lugar destacado, claramente visible e indeleble. Será obrigatorio que figuren no mesmo campo visual as indicacións: denominación do produto, cantidade neta, datas ou prazos para o consumo, seguida ben da data mesma ou ben da indicación do lugar en que ésta figura.

Despois de realizar esta actividade darás conta que o dominio das normas legais do etiquetaxe non é unha cousa sinxela. Ademais, a lexislación é unha cousa e... a realidade é outra.

• **Actividade:** A composición dos alimentos non sempre coincide coa lista de ingredientes que aparece na mencionada etiqueta, pero isto para o consumidor é imposible de saber; neste caso atopámos cun fraude alimentario.

Imos facer un experimento sinxelo para descubrir a presenza de féculas en embutidos nos que na súa etiqueta non consta a súa presenza.

Material

- Tintura de iodo.
- Lexía concentrada.
- Platos.
- Etiquetas e lapiceiro.
- Lonxas de xamón de iorque, hourizo, paleta... etc.

1) Coloca cada unha das lonxas dos embutidos nun plato, anotando a marca comercial e o seu prezo na etiqueta correspondente.



O etiquetado dos alimentos debe comprobarse sempre.

2) Cubre todas as mostras coa lexía e deixalo reposar dous días, para que as mostras se decoloren.

3) Tira a lexía sobrante e lava as mostras con auga.

4) Cubre as mostras con tintura de iodo e deixa reposar 5

minutos. Se aparecen na superficie do embutido unhas manchas negras isto é sinal da presenza de fécula.

GRUPO GAIA DE EDUCACION AMBIENTAL:
Carmen Cid, Pedro Membiela, Pilar Latorre, M^a Xosé Camba, Emilia Nogueiras e Mercedes Suárez

"E necesario como punto de partida dominar o vocabulario"

Algunhas reflexións sobre o ensino da historia

As razóns en pro da historia na escola obedecen á natureza infantil

□ "A súa didáctica está en función da concepción que dela se teña"

"A historia é un mundo vivo, que, a pesar da súa anterioridade, segue a pesar no presente na nosa propia vida. Sin a historia non é verdade que o home estaría perdido no mundo como eses insectos con existencia tan efímera que ignoran todo o que rebasa os límites dunha temporada" (L.Febvre).

A primeira dificultade coa que nos encontramos é a de apreender movementos, dinamismos de feitos alonxados no tempo, que en razón a súa distancia parecen constituírse en elementos que raian a fronteira do irreal. Para superar tal dificultade hai que realizar exercicios tan fundamentais para o desenvolvemento intelectual como comprender, vulgar e criticar.

A didáctica da historia estará necesariamente en función da concepción que dela se teña (tradicional, estrutural ou cuantitativa) e así mesmo da concepción xeral educativa na que se inserte.

Así a narración e a descripción son métodos válidos para o ensino dunha historia que só pretende ofrecer a sucesividade dos feitos históricos. O único problema que se plantea neste método e a selección de elementos característicos, xa que a exhaustividade expositiva queda, por razóns obvias excluída. Frente a esta historiografía positivista xurde (introducida por Bloch e L. Febvre (1979) en "Annales d'histoire économique et sociale"), unha nova concepción da historia que plantea a comprensión e explicación dos feitos pasados, utilizando un aparato conceptual que parte de la hipótesis para comprobar, cunha metodoloxía rigurosa, a súa exactitude ou inexactitude. Dentro dos obxetivos de coñecemento é necesario plantexarse como punto de partida o dominio dun vocabulario específico que axude a formación e comprensión de conceptos. Os obxetivos de adquisición de técnicas e destrezas cobran unha grande importancia nun proxecto de ensinanza activa: a búsqueda, elección e valoración de fontes de todo tipo (orais, escritas, arqueolóxicas, artísticas, folclóricas...). A lectu-

ra de mapas, manexo de estadística, interpretación de gráficos, son algunhas das técnicas posibles.

Obxetivo

O obxetivo de ensinanza da historia é non só ensinar esas técnicas, sinón determinar a súa adecuación a cada problema concreto. Os obxetivos de creación de actitudes non poden tampouco estar ausentes nunha metodoloxía activa da historia. A súa finalidade é conseguir unha reacción valorativa ante os feitos históricos, reacción que dependerá, naturalmente da escala de valores que se manexe.

Especial importancia no contexto da metodoloxía histórica revestiu a relación da historia coas outras ciencias. Anque está xa moi lonxe de cuestionarse a existencia da historia como ciencia, si a existencia por conseguinte dunha metodoloxía histórica con características propias; siguen existindo aínda certas impresións de límites entre a historia e outras ciencias ou disciplinas como a economía, demografía, socioloxía, ciencias políticas...

A investigación precisa recurrir ás aportacións, tanto de contidos como de métodos, doutras ciencias, pero sin perder de vista un dato fundamental: o feito histórico é unha suma de elementos —políticos, sociais, económicos, relixiosos, culturais, ideolóxicos—, cada un dos cais, pode ser examinado dende distintas perspectivas científicas, pero que no seu conxunto, e en toda a riqueza das súas múltiples complicacións, constitúen obxecto de análise histórico.

¿Por qué entón a historia na escola? As razóns en pro da historia na escola obedecen en parte a natureza infantil: a curio-



"A historia é un mundo vivo" (L. Febvre).

sidade polo pasado é común a todos os homes e con está ausente nos rapaces. A afición infantil ós contos e a tódalas narracións históricas cun contido humano; de ahí o interese que despertan ós biográficos. A inclinación dos nenos ó sentimental e imaxinativo sen perderlo interese pola vida real.

Por outra banda a historia pode contribuir á formación intelectual en aspectos tales como a precisión nas ideas e na exposición, mellora-la facultade de selección-lo importante e destacable e distinguilo do accidental, aprecia-lo valor da evidencia, distinción entre o verdadeiro e o falso, o probable e o improbable, utilizade como método de discurrir, como creación de hábitos e actitudes mentais, comprensión do presente a través do pasado e do pasado a través do presente, adquisición do sentido de cambio e dinamismo da vida, aportación á cultura xeral, entre outros. Facendo un pequeno recorrido polas bases psicolóxicas

da didáctica da historia podemos observar que:

- Ata os 6 anos carece de capacidade de atención e de vontade para calquer tipo de aprendizaxe histórico, pero gosta de oír contos e narracións a través dos cais podemos tentar introducir a noción de tempo e a variabilidade das cousas.
- Entre os 6 e os 8 anos o proceso psicolóxico vai dende as institucións globais ata ós comenzos da elaboración do coñecemento reflexivo. A calidade imaxinativa do neno faíno apto para a narración fantástica con fondo real, pero sin pretensión de precisión cronolóxica.
- Entre os 9 e os 12 fai a súa aparición a capacidade analítica e orixínase o interese polo coñecemento da natureza e do mundo cun sentido realista. Falla a capacidade crítica, o anecdótico e biográfico. O que máis lles interesa nestas idades son especialmente narracións de viaxes e aventuras.
- Entre os 13 e os 14 anos é a fase para a sistematización dos

coñecementos. Aparece unha capacidade de raciocinio, reflexión, coordinación, abstracción e xeneralización, que demandan un rigor sistemático na exposición histórica.

Por último queremos facer un pequeno recorrido polos métodos na didáctica da historia:

Catequístico: exposición resumida de preguntas e respostas aprendidas de memoria.

Socrático: preguntas dirixidas hacia unha verdade buscada.

Dictado: Sistema de toma de apuntes.

Lectura comentada: pode resultar un punto de partida.

Progresivo: Orde cronolóxico acercándose ó presente dende tempos máis remotos.

Regresivo: Vai do máis próximo ó máis lonxano no tempo.

Biográfico: Tómase como centro de cada período o biografía dun persoaxe importante.

Lección oral: Require do mestre entusiasmo, disposición, espontaneidade...

ELIAS DOMINGUEZ PRIETO

Visita á exposición "Galicia no Tempo"

"Galicia no Tempo" é unha exposición sobre a historia da cultura e ourivería de Galicia que debe ser contemplada co ánimo de lograr un aprofundamento nas claves que expliquen a nosa identidade como pobo con características propias.

O teléfono para poñerse en contacto e solicitar máis información é 981 - 595564 (Santiago de Compostela).

Esta exposición mostrase nunha parte rehabilitada do mosteiro de San Martiño Pinario (Santiago de Compostela).

As partes da exposición son as seguintes:

- Iníciase, pois, o recorrido polo Esplendor —é dicir, os séculos XVI, XVII e XVIII—; e, dentro desta época, accédese a ese mundo, relativamente intemporal, da ourivería cristiá, mostrada como singular tesouro que é froito de toda unha acumulación de ricos expoñentes relixiosos ó longo dos séculos.

- Co acceso a unha segunda parte da mostra, as raíces, iníciase toda unha cadencia secular que parte desde as primeiras intuicións do artístico, desde a plástica, e lévanos, despois, a acercarnos ó complexo proceso da romanización.

- O culto xacobeo suporá principiar unha nova etapa que cabe acoller baixo o epígrafe de O Camiño. Este é o moi salientable tempo da peregrinación medieval a Compostela.

nación medieval a Compostela.

■ Tras recupera-lo curso da historia, adentrándonos, unha vez máis e desde claves distintas, no Esplendor, o recorrido culmina chegando a unha última etapa denominada A Nova Identidade. Esta, tras facer unha breve semblanza de determinados testemuños contemporáneos anteriores, sitúanos nos anos que vivimos.

A través dunha fluída información, que vai desguedellando o discorrer das distintas etapas, o espectador aproxímase do xeral ó particular ó detense nas obras que máis impacto poidan proporcionarlle.

Deste modo, conséguese un itinerario fácil no que se incorporan áreas propicias para a reflexión e o descanso entre as distintas fases do recorrido.

Horario: Martes, mércores, xoves, venres e sábado: de 10 a 14 h. De 16,30 a 20,30 h. Domingos de 11 a 19 h. Pechado os luns.

Visitas: Visitas guiadas tódolos días —agás os domingos—, desde as 10 h. Profesorado: O da Exposición ou o do propio centro visitante. Cita dos grupos na recepción 15 minutos antes.

Grupos: Compre formaliza-la cita chamando ó teléfono (981) 595564. Os grupos serán de 25 persoas.



LIBRO

“Disfrutar escribindo”, de Antonio García Teijeiro


Vivimos desgraciadamente nunha sociedade non lectora tendo que facer a escola de correctivo dunha deficiencia social. Ata fai uns anos esta institución centraba a discusión en determinar cal era a idade máis axeitada para iniciar ó alumnado na lecto-escritura ou en deseñar distintos métodos baseados na psicoloxía do neno/a. Resumindo, a tarefa que a escola asumía realmente era o aprendizaxe das pautas necesarias para codificar e decodificar os signos que constitúen a letra impresa. Ler definiríase como a interpretación de determinados símbolos convencionais. Afortunadamente, hoxe en día cada vez son máis as persoas que dende distintos campos: escola, bibliotecas, etc... coidan o que é realmente importante fomentar nos rapaces/as o amor polos libros. A definición de ler se ampliaría tendo como sinónimos verbos tales como: comprender, interpretar, xogar, comunicar, expresar, proxectar, indentificarse con, disfrutar, evadirse, compartir o “imaxinario”.

Podemos abordar esta labor dende distintos ángulos, todos eles válidos. Un deles é a creación literaria. Neste camiño atópase a obra de García Teijeiro. Disfrutar escribindo... que que-

ro comentar. Coincido plenamente co autor cando afirma que “ó neno haino que iluminar, que sorprender. Cando así se fai, o neno responde e ante a sorpresa de moitos, constrúe un fermoso poema ou viaxa coa súa imaxinación ós lugares máis insospitados, deixándose a súa experiencia nunhas liñas encantadoras”.

A lectura pola creación non é precisamente un camiño de rosas, ben sabemos que a escritura é unha aventura arriscada e difícil. Como docente creo fervientemente que ensinar ós nosos nenos/as a ler e escribir é o único que realmente merece a pena ensinar. Escribir é organizar un mundo, unha tarefa que, como se sabe, é propia dos deuses que viven sós. E ordenar un caos, cheo de pantasma, monstros, desexos, sonos, memoria e pensamentos, algúns doces e outros terribes.

O mencionado libro de Antonio García Teijeiro constitúe unha valiosa aportación, xa que a bibliografía en galego neste terreo resulta moi escasa. O libro está estruturado en dúas partes. A primeira ten como centro a narración. Nespa atopamos iniciativas que paten da utilización de textos noutras linguas, da estimulación dos sentidos: gusto, ouvido..., e propostas



Portada do libro de García Teijeiro.

que teñen o seu punto de partida nun texto determinado (“O can Rin e o lobo Crispín”, de C. Casares/P. del Llano. Galaxia). Na segunda parte o autor céntrase na poesía, traballando aspectos tais como a rima, o verso, o encadenamento, a repetición, utilizando poemas de autores coñecidos como Curros

Enríquez ou Celso E. Ferreiro entre outros. E de desexar que esta obra sexa o comenzo dunha serie de las que teñan como fin conquistar que este país incremente o seu índice lector e que isto sexa un dos obxetivos deas editoriais que fan a suas publicacións en galego.

ROSA LUENGO

Visitas ao Museo do Pobo Galego

O Museo do Pobo Galego, acolléndose ó plan de axudas convocado pola Deputación provincial de A Coruña para o financiamento dos departamentos de Educación e Acción Cultural (DEAC) dos museos da provincia, dentro do programa de Museos Deputación/ANABAD Galicia para o curso académico 1990-91, pon este departamento ó servizo dos centros docentes que desexen facer uso do mesmo.

As condicións xerais da visita con servizos de DEAC son:

- Horario de 10 a 12 e de 16 a 18, de luns a venres, ambos inclusive.
- O servizo do DEAC, así como a entrada ó Museo, é gratuita.
- Para un mellor aproveitamento didáctico da visita, recoméndase que os grupos non excedan de 40 persoas.
- Os grupo deberán estar acompañados durante toda a visita como mínimo, por dous responsables do centro docente.
- Cada grupo acreditará a visita cubrindo o formulario que se lle facilitará no seu momento.
- Considérase moi importante a visita previa do profesor/a ó Museo, para establece-los obxetivos xuntamente co persoal do DEAC.

Ofrécese os seguintes itinerarios:

- Os oficios: salas de oficios I, II, III (que comprenden oficios

ambulantes, follateiros, zapateiros e zoqueiros, albardeiros, telleiros, serranchíns e carpinteiros, carboneiros, ferreiros e ferradores, pedreiros e canteiros, cesteiros e tecelás, oleiros e palilleiras) e sala de oficios urbanos (prateiros, pincheiros, acebecheiros e erborarios).

• Os sistemas de produción e o hábitat: salas do campo, de hábitat e arquitectura popular do mar.

Os obxetivos que se pretenden acadar co primeiro itinerario da visita son: o coñecemento dos diferentes oficios tradicionais da nosa terra, as súas peculiaridades e vixencia na actualidade, e a incardinación dos respectivos produtos na vida cotiá. Para o segundo quere-se dar a coñece-los diferentes sistemas de vida e produción en relación co seu medio, as costumes sociais e o hábitat no que se inserten.

Visitas

As visitas recomendadas por membros do DEAC terán unha duración dunha hora.

Ocasionalmente, poderánse visitar exposicións temporais albergadas no Museo, as cales non formarán parte dos itinerarios ofertados polo DEAC.

Para poder utiliza-lo servizo do DEAC é preciso solicitar día e hora con quince días de antelación, como mínimo. Non se atenderá a ningún grupo que previamente non concertara a súa visita. (Museo do Pobo Galego (DEAC), San Domingos de Bonaval, 15704 Santiago de Compostela. Teléfono 981-583620)

NOVAS

Escolas viaxeiras

Os Colexios Públicos seleccionados na última convocatoria do programa Escolas viaxeiras, pertencentes á provincia de Ourense, son os seguintes: Casaio, á comunidade valenciana; A Ponte, a Soria; Cualedro, a Cantabria; Cenlle, á Rioja; Barbadás, a Andalucía Oriental; Astariz, ao País Vasco; Quins, a Murcia; Cortegada, a Navarra; Casardomato, a Soria; e a Peroxa, a Murcia. Na provincia de Pontevedra, seleccionáronse os seguintes colexios públicos. Arrabal-Oia, a Cataluña; de Barrantes-Tomiño, a Cáceres; Belesar-Baiona, a Zaragoza; Bueu, a Navarra; Espedregada-Raxo, a Cáceres; Peña de Francia-Mos, a Zaragoza; Antonio Palacios-Porriño, a Toledo; Piñeirño-Vilagarcía, a Toledo.

Xornadas de Lingua e Literatura


A UTEG/INTG e a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega organizan as Xornadas de Lingua e Literatura, que se celebrarán na Escola Universitaria de Formación do Profesorado de Educación Xeral Básica de Santiago, do 11 ao 13 de abril. A matrícula pode formalizarse nas librerías Tanco e Stylo (Ourense), Pueblo (Pontevedra) e Bertrand (Vigo), así como no lugar de celebración das propias xornadas.

V Encontro Galego de Educadores pola paz

Do 12 ao 14 de abril celebrarase en Camposancos (A Guarda) o V Encontro Galego de Educadoras/es pola Paz, organizado por Nova Escola Galega.

A información e matrícula pode realizarse escribindo ao apartado 577 de Vigo.

GARABULLINO



NA ESCOLA

Consello de Redacción:

Xosé Manuel Cid (coordinador).

Mercedes Suárez Pazos; Antonio Fernández Pereira; Mercedes González Sanmamed; David Cortón; Cecilia Bello Rodríguez; Manolo Bragado; Xesús Rodríguez Jares e Xoán M. Andrade.

Colabora: Nova Escola Galega.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

